



PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO

BASES DE CONSORCIO CON PARTICULARES

BASES DEL CONSORCIO ENTRE EL PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO Y los vecinos
de Villaeimil y San Payo vecino de Villaeimil y San Payo
domiciliados en id.
para la repoblación del predio de su pertenencia denominado Outeiro de Murias y otros
radicante en el término municipal de Villadrid
provincia de Lugo de una extensión aproxi-
mada de 210 Has.

BASE 1.^a—Se establece un Consorcio entre el **PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO** y los vecinos de Villaeimil y San Payo al objeto de proceder:

a).—A la repoblación forestal de los terrenos pertenecientes a su actual propietario que los aporta al Consorcio, que se describen en la Base segunda, a la conservación y mejora de las masas que se creen y en su día a su aprovechamiento.

b).—A la conservación, mejora y aprovechamiento del arbolado existente actualmente en los terrenos de referencia, ya sea espontáneo o procedente de repoblaciones artificiales anteriormente realizadas.

BASE 2.^a—Los terrenos a que este Consorcio afecta son los que se describen a continuación por sus límites, superficie y estado forestal, en que se encuentran, así como descripción de su título o inscripción en el Registro de la Propiedad, según certificación del mismo:

El monte está dividido entre los vecinos de Villaeimil y San Payo y los límites conjuntos son:

N: Prado de García y Pena do Sobrado

S: Prados de Valín de Madeiro y término municipal de Fonsagrada

E: Rego das Beigadas y arbolado de robles

O: Limita con Fontangordo, Arroyo de Fontangordo, Prado de Eleno, Laguna y --
Pena do Sobrado

Estos terrenos serán puestos a la disposición del **PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO**, para la ejecución de los fines del Consorcio, mediante acta detallada extendida por duplicado.

BASE 3.^a—El suelo continuará perteneciendo a su actual propietario que lo aporta al Consorcio salvo venta que del mismo pudiera hacerse al **PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO**, o con autorización de éste.

El arbolado existente al formalizarse el Consorcio, como el que se cree durante su vigencia, pertenecerá al Patrimonio Forestal del Estado.

Tanto el suelo, como el vuelo, serán inscriptos en el Registro de la Propiedad en la forma dicha por cuenta de sus respectivos dueños, mediante el expediente o documentación pertinente para la inscripción del vuelo a favor del Patrimonio, obligándose al particular a cuanto se precise al efecto.

BASE 4.^a—

a).—Los terrenos de su propiedad descritos en la Base 2.^a y el arbolado existente en los mismos.

EL PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO aporta al Consorcio:

a).—La totalidad de los gastos de repoblación, conservación y mejora del arbolado.

b).—La Dirección técnica y administrativa de los trabajos.

c).—La guardería forestal.

BASE 5.^a—Los proyectos de repoblación y los planes de aprovechamientos, así como las propuestas anuales para su ejecución, y los de conservación y mejora, juntamente con los presupuestos respectivos, se redactarán por el Servicio Forestal encargado de los trabajos y se someterán a la aprobación de la Dirección General del Patrimonio Forestal del Estado.

BASE 6.^a—Los proyectos, planes y propuestas, aprobados con arreglo a la Base anterior, serán ejecutados por el Servicio Forestal encargado de los trabajos, siempre bajo la inspección superior del Patrimonio Forestal del Estado. Dicho Servicio redactará y someterá a la consideración del propietario de los terrenos aportados al Consorcio, una memoria anual de la labor realizada.

BASE 7.^a—El Servicio Forestal encargado de la ejecución de los trabajos formalizará trimestralmente las cuentas de gastos, que serán sometidas a la aprobación de la Dirección General del Patrimonio Forestal del Estado, y dentro del mes de febrero le presentará la memoria de ejecución del año precedente, que será sometida a su aprobación.

BASE 8.^a—De los beneficios líquidos producidos por el aprovechamiento y explotación del arbolado creado en virtud del Consorcio, el **PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO** cederá al propietario del terreno Consorciado el cuarenta por cien y de los procedentes de los aprovechamientos del vuelo ya existentes a la formalización del contrato el cien por cien.

Los aprovechamientos de pastos, leñas muertas y matorrales serán cedidos al propietario de los terrenos aportados al Consorcio, que los disfrutará en las mismas condiciones que al presente, subordinando siempre su localización, época y cuantía a las necesidades de la repoblación y de la conservación del arbolado.

La valoración, liquidación y distribución de los beneficios serán formulados por el Servicio Forestal que dirija los trabajos y previo informe del propietario de los terrenos aportados al Consorcio, se elevarán a la Dirección General del Patrimonio Forestal del Estado para su resolución y efectividad del reparto.

BASE 9.^a—El presente consorcio deberá ser aprobado para su efectividad por el actual propietario de los terrenos aportados al Consorcio, y por la Dirección General del **PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO**, como trámite previo para su formalización en forma de contrato y elevación a escritura pública.

BASE 10.^a—La duración del presente Consorcio será ilimitada, pero puede reducirse a un turno de la especie principal y dominante, siempre que una vez finalizado, el **PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO** se hubiera resarcido de los gastos efectuados como consecuencia del contrato con la participación percibida en los beneficios reportados por el mismo; o a partir del primer turno en el momento en que se produzca esta circunstancia, pudiéndose reintegrar entonces el vuelo de estos montes al propietario de los terrenos aportados al Consorcio, previa demanda elevada por éste al Patrimonio Forestal.

Finalizado el primer turno, puede revertir también el vuelo consorciado al propietario de los terrenos aportados al Consorcio, una vez que por éste se entregue al Patrimonio Forestal del Estado una cantidad que, sumada a la percibida por este Organismo hasta la fecha, de acuerdo con las presentes Bases, alcance a la totalidad de los desembolsos realizados en la ejecución del contrato presente.

En el caso de que el propietario de los terrenos aportados al Consorcio ejerciera el expresado derecho de reversión, quedará garantizado el mismo destino forestal de los terrenos repoblados por el **PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO**.

BASE 11.^a—El Consorcio tendrá carácter administrativo y todas las cuestiones que surjan acerca de su cumplimiento, rescisión, ejecución, interpretación o incumplimiento y demás incidencias, corresponderán a la jurisdicción administrativa del **MINISTERIO DE AGRICULTURA**, y dentro del mismo se resolverán por la Dirección General del **PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO**.

Contra estas resoluciones se podrá recurrir en alzada ante el **MINISTRO DE AGRICULTURA** en el plazo máximo de un mes.

Esta Subdirección de conformidad con los informes emitidos, acordado con esta fecha la aprobación de las presentes Bases de Consorcio.

Madrid, a diecisiete de Julio de mil novecientos cincuenta seis.

EL SUBDIRECTOR,



En relación coa solicitude de extinción do consorcio do monte “Outeiro de Murias”, LU-3073, no concello da Pontenova (Lugo), Resolvo o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O 17-07-1956 aprobouse o consorcio do monte “Outeiro de Murias”, LU-3073, subscrito entre o Patrimonio Forestal do Estado e veciños de Vilaemil e Sampaio, nunha superficie de 210 ha. Despois dunha análise actualizada da superficie consorciada con sistemas mais precisos obtívose unha superficie real de 206,665 ha, das cales 110,94 ha foron repoboadas.

2º.- O 03.03.1985 aprobouse o decreto polo que se declara de utilidade pública e de urxente execución a concentración parcelaria da zona de Vilaboa, na Pontenova, Lugo (DOG do 27-04-1985). Esta concentración afecta aos terreos obxecto do consorcio.

3º.- Mediante unha Resolución do 27.01.2006, da dirección xeral competente na materia, declarouse firme o acordo de concentración.

4º.- O 02.07.2012 a xefa da Sección Xurídica da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar en Lugo certificou a listaxe de adxudicatarios dos predios da concentración parcelaria.

5º.- A raíz desta certificación, o Servizo de Montes de Lugo comunicou a todos os propietarios particulares con parcelas de concentración adxudicadas dentro do perímetro do consorcio do monte “Outeiro de Murias” a superficie de consorcio afectada nos seus predios (un total de 139), e a débeda que lle correspondía.

6º.- En xullo de 2012 os propietarios de 138 das 139 parcelas particulares que existen no perímetro do consorcio despois da concentración parcelaria solicitaron a súa extinción. A superficie total das parcelas destes titulares suma 171,4307 ha. O predio para o que non consta que a súa propietarios solicítase a extinción do consorcio (parcela 1751) ten 0,5472 ha, e as restantes 34,6871 ha corresponden a parcelas que foron adxudicadas á Administración como consecuencia do proceso de concentración parcelaria.

7º.- O 21.04.2014 o Servizo de Montes de Lugo propuxo a finalización do consorcio do monte “Outeiro de Murias”, previo pagamento dunha débeda de 37.568,02 €.

8º.- O 08.10.2014 o letrado asesor da Consellería do Medio Rural e do Mar informou sobre diversos aspectos que debían completarse no expediente.

9º.- O 04.02.2015 o Servizo de Montes de Lugo reiterou a súa proposta do 21.04.2015





10º.- O 17.11.2015 o letrado asesor da Consellería do Medio Rural informou, en relación cun consorcio de características semellantes (“Pruída e Fontangordo”, LU-3219), que debía procurarse a modificación da superficie do consorcio, excluindo as parcelas afectadas pola concentración parcelaria.

11º.- A raíz deste informe, o Servizo de Montes de Lugo reformou a súa proposta orixinal o 29.02.2016.

12º.- Na nova proposta o Servizo de Montes de Lugo solicita a modificación do consorcio “Outeiro de Murias”, descontando as 171,9779 ha de particulares, e previo pagamento dunha débeda de 37.568,02 €.

13º.- O 18.10.2016 o xefe do Servizo de Xestión Forestal devolve a este servizo a proposta enviada o 29.02.2016 coa finalidade de que se aplique o contido da circular 2/2016.

14º.- O 26.10.2016 requíreselle, en cumprimento da circular 2/2016, a D. José María Conde Méndez, en calidade de representante dos solicitantes, o pagamento da cantidade adebedada correspondente á débeda dos 88 titulares que solicitación da cancelación do consorcio.

15º.- O 14.03.2017 solicítase ao Servizo de Infraestruturas Agrarias un certificado coa finalidade de estudar a posibilidade de aplicar ao consorcio “Outeiro de Murias”, LU-3073, o disposto na Lei 2/2017. Nesa solicitude indicábase que no certificado debería indicarse se as parcelas relacionadas:

- “Contan cun acordo de concentración parcelaria firme. En caso afirmativo indicar a súa data.
- “se consta expresamente na inscrición dos títulos de concentración parcelaria no rexistro da propiedade que os predios se atopan libres de cargas”.

O 03.04.2017 o Servizo de Infraestruturas Agrarias deu resposta á solicitude formulada.

16º.- O 18.04.2017 o Servizo de Montes de Lugo envía á D.X. de Ordenación e Produción Forestal a proposta de extinción do consorcio “Outeiro de Murias”, LU-3073.

17º.- O 19.05.2017 o xefe do Servizo de Xestión Forestal achega por correo electrónico o informe do letrado da Xunta de Galicia, D. Antonio Miño López, en relación co expediente de extinción do consorcio “Outeiro de Murias”, LU-3073. Neste informe indícase entre outras consideracións que para que proceda a extinción do consorcio precísase:

1. Que as superficies contén cun acordo de concentración parcelaria firme.
2. Que as fincas estean libre de cargas.
3. Que na inscrición dos títulos de concentración no Rexistro da Propiedade conste expresamente que as fincas se atopen libres de cargas.

O sentido do informe é favorable á extinción, condicionado a que se inclúa a triple acreditación.





18º.- O 26.01.2018 o servizo de Montes de Lugo solicítalle ao Servizo de Infraestruturas Agrarias un de certificado da existencia de cargas para a extinción do consorcio LU-3073 “Outeiro de Murias” a raíz da entrada en vigor da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas: “Entenderanse extinguidos, sen máis trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contén cun acordo de concentración parcelaria firme. No caso de que na protocolización da acta de reorganización da propiedade ou na inscrición dos títulos de concentración no rexistro da propiedade conste expresamente que os predios se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma considerárase liquidado”. Esta última modificación da Lei 2/2017 permite a xustificación das cargas mediante a protocolización da acta de reorganización da propiedade.

19º.-O 30.01.2018 o Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo emite un certificado en relación coas parcelas incluídas no consorcio ‘Outeiro de Murias’, LU-3073, no que indica que:

- “A zona de Concentración Parcelaria de Vilaboa (A Pontenova - Lugo) conta cun acordo de concentración parcelaria firme de data 27.01.2006.
- Na Acta de Reorganización da propiedade da Zona de Concentración Parcelaria de Vilaboa (A Pontenova) autorizada pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias con data 19.12.2006 e protocolizada polo Notario de A Pontenova D. Jesús María García Martínez con 09.02.2007, núm. 170 do seu protocolo, recóllense as follas de características dos títulos de propiedade correspondentes ás leiras de remprazo resultantes deste proceso concentrador. No que ao particular interesa, as leiras números: 1544, 1641 e 1642 do polígono 8, 1749, 1750, 1751, 1752, 1753, 1754, 1755, 1756, 1757, 1758, 1759, 1760, 1761, 1762, 1765, 1766, 1768, 1769, 1770, 1771, 1772, 1773, 1774, 1775, 1776, 1777, 1778, 1779, 1780, 1781, 1782, 1783, 1784, 1785, 1786, 1787, 1788, 1789, 1791, 1792, 1793, 1794, 1795, 1796, 1797, 1798, 1799, 1800, 1801, 1802, 1803, 1804, 1806, 1807, 1808, 1809, 1810, 1811, 1812, 1813, 1814, 1815, 1816, 1817, 1818, 1829, 1830, 1831, 1832, 1833, 1834, 1835, 1836, 1837, 1839, 1840, 1841, 1842, 1843, 1844, 1845, 1846, 1847, 1848, 1849, 1850, 1851, 1852, 1853, 1854, 1855, 1856, 1857, 1872, 1873, 1875, 1876, 1877, 1878, 1879, 1885, 1889, 1890, 1891, 1893 do polígono 9, 2186, 2187, 2188, 2189, 2190, 2191, 2193, 2194, 2196, 2197, 2198, 2199, 2200, 2201, 2202, 2203, 2204, 2205, 2206, 2207, 2208, 2209, 2210, 2211 do polígono 12 resultantes do proceso concentrador de Vilaboa (A Pontenova). En todas elas consta que “Da investigación efectuada no expediente non resulta a existencia de ningunha carga real que se deba trasladadas a esta leira”.
- No que ao particular interesa as leiras que a seguir se relacionan constan coas seguintes cargas:
 - o Nas leiras número 1763 e 1764 do polígono 9 consta como carga “As cotas pertencentes ás Señoras Méndez Vázquez na primeira e na terceira e toda a finca na segunda, están gravadas cun dereito de usufruto vitalicio a favor de Dona Josefa Vázquez López”.





- o Na leira número 1767 do polígono 9 consta como carga “Está gravada cun dereito de usufruto a favor de José María Vázquez López”.
- o Nas leiras números 1790, 1805 e 1838 do polígono 9 consta como carga “A cota pertencente a Lucía Aguirre González está gravada cun dereito de usufruto vitalicio establecido a prol de María Pilar González Peña”.

Todo o certifico a pedimento do Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo, aos efectos previstos na disposición transitoria cuarta da lei 9/2017 do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas, en relación co Consorcio LU-3073 ‘Outeiro de Murias’ (A Pontenova). Expediente 46/2012”.

20º.- O 18.06.2018 o letrado da Xunta de Galicia, D. Antonio López Miño emite informe, en relación co expediente de extinción do consorcio “Outeiro de Murias”, LU-3073. Neste informe reitéranse as tres condicións que se precisan para que proceda a extinción dun consorcio. O sentido do informe é favorable á extinción, condicionado a que se inclúa a triple acreditación dos tres extremos. No informe recóllese, ademais, que na protocolización da acta de reorganización da propiedade consta que os predios se atopan libres de cargas con relación al consorcio.

21º.- O 18-06-2018 o director xeral de Ordenación Forestal propuxo a extinción do consorcio e que se dea por liquidado o seu saldo debedor.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1º.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de autonomía de Galicia, establece no seu artigo 27 que á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle a competencia exclusiva en materia de montes.

2º.- O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente, confire aos conselleiros as atribucións relativas aos contratos de asuntos propios da súa consellería. Polo tanto o órgano competente para ditar esta resolución é a consellería do Medio Rural, e por delegación a Secretaria Xeral Técnica en virtude da Orden do 17 de novembro de 2015 (DOG 23.11.2015, núm. 223).

3º.- De acordo co apartado 8 da disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, entenderanse extinguidos, sen mais trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contén cun acordo de concentración parcelaria firme. No caso de que na inscrición dos títulos de concentración no rexistro da propiedade conste expresamente que os predios se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma considerárase liquidado.

4º A Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas sinala na súa disposición transitoria cuarta que se entenderán extinguidos, sen máis trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contén cun acordo de concentración parcelaria firme.





No caso de que na protocolización da acta de reorganización da propiedade ou na inscrición no rexistro da propiedade conste expresamente que os predios se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma considerárase liquidado.

5º Coa documentación que consta no expediente considerase suficientemente acreditada a concurrencia dos tres extremos sinalados no apartado 8 da disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, e polo tanto cumprida a condición do informe do asesor de incluír a triple acreditación no expediente.

Así, vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal,

RESOLVO:

1º.- Que, ao abeiro do apartado 8 da disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, se declare a extinción do consorcio:

- “Outeiro de Murias”, LU-3073, de titularidade de veciños de Vilaemil e Sampaio, e situado no concello da Pontevova (Lugo).

2º.- Que se dea por liquidado o saldo debedor do consorcio, xa que as parcelas resultantes dos procesos de concentración parcelaria atópanse libres de cargas en relación con eles.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de reposición con carácter potestativo ante a Consellería do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 123 e na disposición transitoria 3ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso- administrativa.

Santiago de Compostela,
Conselleira do Medio Rural
P.D. (Orde do 17/11/15, DOG núm. 223, do 23 de novembro)
Secretaría xeral técnica
(asinado dixitalmente)

Mª del Carmen Bouso Montero

